

PLANETA LGTBIQ


PÚBLICO	Público familiar / Infantil de 6 a 10 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Valores / Diversidade sexual / Igualdade / Int-Ext
SINOPSE	<p>O Planeta M'BURRO é (como o nome ben di) moi aburrido. Alí todo é monótono, todo o mundo viste igual, as comidas saben todas ao mesmo, as familias teñen sempre os mesmos compoñentes, ...</p> <p>Cando un M'burrado ven de expedición intergaláctica ó noso Planeta Terra, observa que aquí nos gusta moito a diversidade, ... e o máis curioso, as familias non son todas idénticas: Hai familias cunha nai e un pai, familias con dúas nais, con dous pais, familias monoparentais, ...</p> <p>O que nun comezo lle parece ao estrano ET desorden e caos acaba convertíndose en riqueza cultural e sensación de fresca liberdade que lle leva a rebrantexarse todo o que sempre deu por feito.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO



Na Trastenda dos Contos a educación en valores é unha constante transversal en cada espectáculo.



Abordamos a diversidade sexual dende unha reflexión sobre como sería un mundo sen diversidade nin liberdade de escolla.



O propio público infantil será quen defina como debe ser un PLANETA LGTBIQ



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_
653 61 61 26
caxoto@atrastendadoscontos.com
www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

